

John Locke. Segundo tratado sobre o goberno. Un ensaio sobre a verdadeira orixe, alcance e fin do goberno civil.

Capt. II Do estado natural.

4. Para comprender ben en que consiste o poder político y para remontarnos a súa verdadeira fonte, será forzoso que consideremos cal é o estado en que se encontran naturalmente os homes, a saber: un estado de completa liberdade para ordenar o seus actos e para dispor das súas propiedades e das súas persoas como mellor lles pareza, dentro dos límites da lei natural, sen necesidade de pedir permiso e sen depender da vontade doutra persoa.

6. Pero, aínda que ese estado natural sexa un estado de liberdade, non o é de licenza: aínda que o home teña en semellante estado unha liberdade sen límites para dispor da súa propia persoa e das súas propiedades, esa liberdade non lle confire o dereito de destruírse a si mesmo, nin sequera a algunha das criaturas que posúe...

O estado natural ten unha lei natural pola que se goberna, e esa lei obriga a todos. A razón, que coincide con esa lei, ensina a cantos seres humanos queren consultala que, sendo iguais e independentes, ninguén debe danar a outro na súa vida, saúde, liberdade ou posesións...

E como están dotados de idénticas facultades e todos participan dunha comunidade de Natureza, non pode supoñerse que exista entre nós unha subordinación tal que nos autorice a destruírnos mutuamente, como se os uns fósemos feitos para utilidade dos outros, tal e como foron feitas as criaturas de rango inferior, para que nos sirvamos delas. Da mesma maneira que cada un de nós está obrigado a súa propia conservación e a non abandonar voluntariamente o posto que ocupa, o está tamén, cando non está en xogo a súa propia conservación, a mirar pola dos demais seres humanos e a non quitarlles a vida, a non danar esta, nin todo canto tende a conservación da vida, da liberdade, da saúde, dos membros ou dos bens de outro, a menos que trate de facer xustiza dun culpable.

Cuestións texto:

1. Que características definen o estado de natureza en Locke?
2. Explica a diferenza entre liberdade e licenza.
3. Que elementos tipicamente liberais podemos atopar xa no estado de natureza lockeano?, en que sentido é liberal a súa visión da lei e dos dereitos?
4. Que importancia ten este estado de natureza en relación ao contrato polo que se crea a sociedade política?, que aspectos do estado de natureza quedan recollidos nese contrato social?, que elementos do estado de natureza serán relevantes para a sociedade política liberal xurdida do pacto social?, con outras palabras, que feitos naturais da vida dos individuos pasarán a formar parte da sociedade política?